

ESTREA EN FEBREIRO DE 2026



BIO CONSTRUCCIÓN

de SANTIAGO CORTEGOSO

DIRECCIÓN E INTERPRETACIÓN Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

MÚSICA EN DIRECTO Macarena Montesinos

Compañía asociada a



Escena Galega



XUNTA
DE GALICIA



Entre o surrealismo e
o absurdo,
Bio Construcción é
unha reflexión
metafórica sobre o
fracaso, a crise
climática e ecolóxica,
a crise do acceso á
vivenda, o amor, o
teatro e a estupidez
humana.

Unha comedia
existencialista con
música en directo
sobre os sonhos, a
perseverancia e a
frustración.



Macarena Montesinos, Marián Bañobre e Santiago Cortegoso,
intérpretes de Bio Construcción.



Nunha aldea nun lugar remoto, hai unha parella que deixou o teatro (despois dunha crise creativa e de proxecto da compañía) para emprender, con toda a ilusión, o seu proxecto de vida: construír unha casa ecolóxica, feita coas súas propias mans. A súa gran creación.

E así pasan trinta anos, toda unha vida traballando, lonxe do mundo, nun tempo sen final, nun proxecto que nunca rematan pero a través do que atopan o éxito.

sinopse



O Palacio Ideal de Ferdinand Cheval, catedral de Justo Gallego en Mejorana del Campo , inspiracións e referentes artísticos de Bio Construción.



ESQUEMA FASES ESCENOGRAFÍA BIOCONSTRUCCIÓN

Dende un punto de vista formal a obra achégase á instalación, ofrecendo ao espectador un transcorrer de imaxes plásticas dende o espazo baleiro ata a paisaxe recargada.

Os personaxes teñen arredor de 40 anos na primeira escena, na última 70. Transcorren 30 anos. Os dous sofren unha transformación física paulatina ata chegaren a vellos. A vida pasou por eles e foi deixando efectos nos corpos, nos movementos.

O vestiario e a caracterización buscarán tamén esta transformación dos corpos a través da superposición de capas e texturas para subliñar a idea de paso do tempo.

A música - ao igual que a casa - está en construción. É un elemento vivo que vai evolucionando durante a obra, como a parella protagonista.



Fernando Bua e Nacho Barcia con deseños de Laura Vidales - diseñadora de vestiario de Bio Construción-.
Foto de Fernando Suárez Cabeza

ficha artística

EN ESCENA

Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

MÚSICA EN DIRECTO E DESEÑO DO ESPAZO SONORO

Macarena Montesinos

TEXTO

Santiago Cortegoso

DIRECCIÓN

Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

Marcos PTT

DESEÑO DO ESPAZO ESCÉNICO

Jose Perozo

DESEÑO DE VESTIARIO

Laura Vidales

DESEÑO DE ILUMINACIÓN

Carlos Álvarez-Ossorio

MOVEMENTO ESCÉNICO


Armando Martín

CARACTERIZACIÓN

Baia Fernández

IMAXE


Diego Seixo



ibuprofeno teatro

Compañía fundada en 2010 por Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, co obxectivo de contar cunha estrutura de creación propia para emprender proxectos teatrais dun xeito independente. Xeramos espectáculos a partir de textos escritos previamente (Raclette, Casa O'Rei...) ou integrando a dramaturxia e a posta en escena nos procesos de creación (A filla de Woody Allen, O mel non caduca...) Gústanos coidar a dimensión plástica dos traballos, experimentando en cada proposta, para falar de temas claves que afectan ao ser humano contemporáneo, a través de personaxes que buscan a súa identidade individual nun contexto social globalizado e complexo que non conseguen controlar e que os leva a situacións absurdas e cargadas dun humor acedo e sarcástico.

Participamos en numerosas prazas e festivais de dentro e fóra de Galicia, sentíndonos moi ben acollidos e co recoñecemento de premios coma o María Casares en diversas categorías, finalistas nos Max a Mellor Dirección e Autoría ou o Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais, entre outros.



www.ibuprofenteatro.com
ibuprofenteatro@ibuprofenteatro.com
986 20 04 71 / 696 73 00 37 / 609 76 18 40

Bio Construción conta co apoio da Xunta de Galicia
a través das Axudas á Creación Escénica da
Axencia Galega das Industrias Culturais.



**XUNTA
DE GALICIA**